

VIAXE A GRECIA

A nosa experiencia comeza o 29 de marzo, cando nos xuntamos no aeroporto de Santiago para coller o avión ás sete da mañá con destino a Barcelona.

A viaxe con destino a Atenas tivo uns cantos problemas xa que fomos dar unha volta polo centro de Barcelona e xa de volta cara o aeroporto atrasouse o metro e pensamos que non chagabamos a tempo para embarcar, pero botamos unha pequena carreira e chegamos xusto a tempo. Chegamos a Atenas sobre as 15:30 e marchamos directos ó hotel.

O día seguinte fomos a Acrópole, quizais a visita máis esperada, a verdade é que a nos foi unha das cousas que máis nos gustou. A última hora da tarde collemos o barco rumbo a Iraklio, capital da illa de Creta.

Nas dúas noites no barco, como había moito tempo e "algúns" non durmimos nin tan sequera unha hora, deunos tempo a coñecer ben aos novos compañeiros, a verdade é que fixemos boas amizades coas que o temos pasado moi ben.

Os dous días que estivemos na illa aproveitamos para ir as praias, por certo moi bonitas, e tamén para saír pola noite.

O primeiro día que estivemos en Creta pasamos parte da mañá no hotel, debido a que non todos tiñamos habitacións. Non obstante, durmimos no sofá e tomamos o sol na terraza. Como estabamos cansas, saímos máis tarde cara Gortina, un recinto grecorromano, onde



se atopan as leis escritas máis antigas de Europa. Continuamos a viaxe ata a praia de Matala, no sur da illa e alí comemos e descansamos.

O segundo día na illa fomos á praia de Preveli, onde visitamos o mosteiro e o seu entorno privilexiado. Baixamos a unha praia moi bonita, con moitas palmeiras, que parecía que estabamos en Hawai. Por certo, para baixar á praia tivemos que baixar unhas mil escaleiras, non moi ben feitas; e o peor non foi iso, foi subilas despois, tivemos que facer varios descansos. De camiño ao hotel fixemos unha parada na cidade de Rethimno, onde o que máis nos gustou foi o o seu pequeno porto veneciano.

O último día de Creta foi cando fixemos a visita máis importante: o palacio de Cnossos, que nos gustou moito a pesares de estar cansadas e mortas de calor. De volta a Iraklio (Cnossos atópase a uns 5 km de Iraklio)

visitamos o museo arqueolóxico, onde vimos cousas moi coñecidas como o disco de Festós, a deusa das serpes ou os frescos do palacio de Cnossos. Aproveitamos para facer as últimas compras e a media tarde marchamos para o porto para coller o barco para Atenas.

Pasámolo moi ben e quedáronnos ganas de volver, sobre todo a Creta, porque as cidades eran pequenas e acolledoras e había cada un... ademais pola noite saímos e atopamos a zona de marcha, que estaba moi ben.

Chegamos a Atenas o 4 de abril, este día fomos ver o museo Arqueolóxico Nacional e pola tarde fomos todos de compras. A verdade é que estabamos bastante cansados pero a pesar de todo pola noite volvemos a saír. O día seguinte fomos a Delfos, unha das excursión que máis nos gustou xa que tiña unhas vistas preciosas, a continuación regresamos a Atenas fomos

VIAXE A GRECIA

cear o barrio de Plaka e despois, como era a última noite, saímos.

A verdade é que fomos poucas persoas deste instituto pero aínda así pasámolo moi ben, xa que coñecemos a xente nova coa que o podes pasar moi ben, nos pola nosa parte animamos a todos a facer esta viaxe xa que as cousas que podemos ver en Grecia son moi diferentes ás que estamos acostumados a ver por aquí. Hai moitísimas máis cousas que poderíamos contar pero cada un acordárase do que máis lle gustou.

Pero antes de acabar gustaríanos darlle as grazas a Susana, xa que grazas o



seu esforzo puidemos vivir esta experiencia na que xunto con ela o pasamos moi ben.

UXÍA, CARME, VICTORIA (S4A), ALBA E ANDREA (S4C)

INTERCAMBIO CULTURAL

Este ano como novidade para nós, tivemos un intercambio cultural cuns rapaces de Rianxo, aínda que algunhas persoas non se relacionaron moito con eles, que se diga. Eran arredor de 20 mozos (aínda que todo o hai que dicir, só había un rapaz, pero como non estaba moi mal, pois conformámonos), eran do instituto Felix Muriel, o que fomos visitar o día 13 de febreiro e que por certo pareceunos que lle podía ter que envexar bastantes cousas ao noso. Por exemplo, segundo nos dixeron, a súa cafetería era bastante "cutre" e niso podemos dar grazas a este instituto. Outra cousa, alí o salón de actos tampouco era que se diga moi espazoso, polo menos o que nos ensinaron, que ao mellor tiñan máis, non digo que non.

En fin, non está ben criticar tanto, xa que eles seguro que tamén falarán de nós. En xeral eran bastante sociables e ensináronnos cousas importantes da súa terra, por exemplo fomos ver onde viviron Castelao e Manuel Antonio e Dieste. Tamén visitamos o hórreo máis grande de Galicia e algunha que outra cousa máis.

En resumo, que o pasamos moi ben. O que xa non sabemos é como o pasaron eles aquí, porque o día, que se diga, moito non acompañou. Pero nós, coma se nada, fixemos todas as actividades que tiñamos previsto (menos a de facer un tramo do camiño de Santiago por causa da chuvia, ben, para nós mellor, que se non había que andar moito): subimos ao monte do Bocelo; tamén fomos ver a igrexa de Santa María e a do Leboreiro aínda que desta última foinos imposíbel conseguir as chaves... (por que aquí hai xente que vacila moito, os que estiveron alí xa me entenden)

Esperamos que haxa un intercambio en breve e que nese caso máis rapaces.

ALBA E IRIS 3ºB

